

O MERCADO DE TRABALLO EN GALIZA (ANO 2010)

ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA (EPA)



Gabinete Técnico confederal

ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA 2010.

O ano 2010 rematou con 50.700 persoas ocupadas menos que en 2009.

Rematou 2010 cunha nova perda da ocupación en Galiza. Foron 50.700 os postos de traballo que se destruíron no último ano; se a isto lle sumamos os 47.800 que se perderan no ano 2009, son preto de 100.000 os postos de traballo que desapareceron en apenas dous anos en Galiza.

A crise no noso país manifestouse máis tarde que no resto do Estado. De feito, en 2008 aínda se creou emprego, pero logo a evolución é máis negativa. No ano 2010, mentres na media estatal descendeu a poboación ocupada un 2,3%, aquí a caída foi do 4,4%. O mesmo ocorre coa poboación parada; en Galiza practicamente medrou o dobre aquí que a media estatal, 20,7 e 11,6% respectivamente.

Imos analizar máis polo miúdo a evolución das principais variábeis neste último ano.

Poboación de 16 e máis anos segundo a relación coa actividade económica.

	Total				Variación			
					2010/2009		2010/2008	
	2007	2008	2009	2010	Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Total	2.380,90	2.387,60	2.386,20	2.383,30	-2,90	-0,1	-4,30	-0,2
Activos	1.292,00	1.314,80	1.317,40	1.300,90	-16,50	-1,3	-13,90	-1,1
Poboación ocupada	1.193,40	1.200,10	1.151,40	1.100,70	-50,70	-4,4	-99,40	-8,3
Poboación parada	98,7	114,7	165,9	200,3	34,40	20,7	85,60	74,6
Inactivos	1.088,90	1.072,80	1.068,90	1.082,40	13,50	1,3	9,60	0,9

Fonte: EPA.INE.

Sen dúbida, a forte caída da ocupación (4,4%) e o elevado medre da poboación parada (20,7%) son as características máis salientábeis do mercado laboral galego no ano que acaba de rematar.

Tamén descendeu a poboación activa (temos 16.500 entre persoas paradas e ocupadas menos). A meirande desta pasa a poboación inactiva, mentres descende a poboación con máis de 16 anos no noso país.

Para unha análise máis detallada do ocorrido no último ano, comezamos achegando a taxa de actividade segundo sexo e idade.

Evolución das taxas de actividade por sexo.

	Total				Homes				Mulleres			
	Taxa de actividade				Taxa de actividade				Taxa de actividade			
	2007	2008	2009	2010	2007	2008	2009	2010	2007	2008	2009	2010

Total	54,3	55,1	55,2	54,6	63,3	63,7	62,5	61,8	46	47,2	48,5	48
de 16 a 24 anos	45	45,5	44,8	40,7	53,2	52,3	50	44,8	36,6	38,4	39,4	36,4
de 25 a 54 anos	83,1	84	84	84	90,6	91,3	89,9	90	75,7	76,7	78,1	77,9
de 55 e máis anos	18	18,7	19,4	19,1	24,9	25,1	24,8	24,5	12,5	13,6	15,1	14,9

Fonte: EPA.INE.

Globalmente, a taxa de actividade descendeu 0,6 décimas. O descenso afectou por igual a homes que a mulleres. Onde as diferenzas son acusadas é entre as distintas idades; entre os máis novos, os de menos de 24 anos, a taxa de actividade cae fortemente, máis incluso entre os homes (máis de 5 puntos), que entre as mulleres, 3 puntos. Aínda así, a taxa de actividade masculina deste colectivo supera en máis de 8 puntos a feminina.

Nas idades centrais da vida laboral, entre os 25 e os 54 anos, a taxa de actividade mantense. Porén, descende entre os de maior idade.

No caso de máis de 55 anos, que xa de por si teñen unha taxa de actividade moi baixa, de apenas o 19,1%, neste último ano a devandita taxa sufriu un descenso. Neste colectivo é onde as diferenzas por sexo son maiores; así, a taxa de actividade masculina supera a feminina en preto de 10 puntos.

A meirande parte destes antigos activos do noso mercado de traballo pasaron a situación inactiva (a poboación inactiva medrou en 13.500 persoas). Analizando as distintas situacións de inactividade explícase, en parte, a nova realidade destas persoas.

Evolución da poboación inactiva por situación de inactividade.

	2007	2008	2009	2010	2010/2009
Total	1.088,90	1.072,80	1.068,90	1.082,40	1,3
Estudantes	162,6	147,9	143,4	152,1	6,1
Retirados, xubilados e pensionistas	573,5	555,3	566,6	571,6	0,9
Labores da casa	243,5	240,4	229,6	235	2,4
Incapacitado permanente	91,9	108,9	110,7	108,6	-1,9
Outra	17,3	20,4	18,6	15	-19,4

Fonte: EPA.INE.

A distribución dos novos inactivos é bastante equitativa e explica os datos anteriores; a saber:

- Moita da xente nova que abandonara os estudos ante a abundancia de postos de traballo, volve aos estudos ante a imposibilidade de atopar un novo emprego.
- Unha parte das mulleres que perderon o posto de traballo incorpórase novamente ao fogar a tempo completo, polo que se reflicten en labores da casa.
- Hai un grupo de traballadores que se xubila por idade legal, pero tamén hai outro grupo que a crise os levou a esta situación,

despois dun ERE, de aí o incremento do grupo de xubilados e pensionistas.

Poboación ocupada.

Desde o inicio da crise, o 44% dos empregos que se destruíron en Galiza foron no sector industrial.

Persoas ocupadas segundo sector económico e idade.

	Total			Evolución			
	2008	2009	2010	2010/2009		2010/2008	
Total				Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Total	1.200,10	1.151,40	1.100,70	-50,70	-4,4	-99,40	-8,3
Agricultura e pesca	93,8	91,6	86,6	-5,00	-5,5	-7,20	-7,7
Industria	215,9	194,1	171,6	-22,50	-11,6	-44,30	-20,5
Construción	134,1	115,7	105,2	-10,50	-9,1	-28,90	-21,6
Servizos	756,4	750,1	737,2	-12,90	-1,7	-19,20	-2,5
16 a 24 anos							
Total	90,9	75,2	61,3	-13,90	-18,5	-29,60	-32,6
Agricultura e pesca	4,9	3,4	3,3	-0,10	-2,9	-1,60	-32,7
Industria	17,3	12,2	8,4	-3,80	-31,1	-8,90	-51,4
Construción	12,4	9,2	7,4	-1,80	-19,6	-5,00	-40,3
Servizos	56,3	50,5	42,1	-8,40	-16,6	-14,20	-25,2
25 a 54 anos							
Total	949	911,6	878,5	-33,10	-3,6	-70,50	-7,4
Agricultura e pesca	65,1	63,4	58,9	-4,50	-7,1	-6,20	-9,5
Industria	176,1	159	142,2	-16,80	-10,6	-33,90	-19,3
Construción	104,5	90,9	82,9	-8,00	-8,8	-21,60	-20,7
Servizos	603,3	598,3	594,4	-3,90	-0,7	-8,90	-1,5
55 e máis anos							
Total	160,2	164,6	160,9	-3,70	-2,2	0,70	0,4
Agricultura e pesca	23,8	24,8	24,3	-0,50	-2,0	0,50	2,1
Industria	22,5	22,9	21	-1,90	-8,3	-1,50	-6,7
Construción	17,2	15,6	14,9	-0,70	-4,5	-2,30	-13,4
Servizos	96,8	101,3	100,6	-0,70	-0,7	3,80	3,9

Fonte: EPA.INE.

O 44% dos empregos que se destruíron en Galiza no ano 2010 foron no sector industrial, porcentaxe que se mantén se temos en conta os dous últimos anos; o que pon de manifesto, como vimos denunciando desde a CIG, que en Galiza foi este o sector máis castigado, seguido, mais xa a certa distancia, polo do ladrillo, onde se destruíron preto de 29.000 postos de traballo en dous anos.

O sector servizos, que nun principio resistiu mellor a situación, xa ao longo do 2010, e a pesar de ser ano Xacobeo, perdeu 12.900 empregos de media. Este sector probabelmente empeore durante a ano 2011, unha vez pasados os efectos do Xacobeo.

Se temos en conta a idade dos traballadores, o colectivo peor parado foi o de entre 25 e 54 anos que traballaban no sector industrial; aquí destruíronse o 34% dos postos de traballo que desapareceron desde o inicio da crise, desde o ano 2007. É un dato que nos preocupa especialmente, porque na maioría destes casos non estamos falando de postos de traballo que naceran nesta etapa alcista da economía, senón que eran anteriores a esta fase, e polo tanto menos precarios.

Os datos da Axencia Tributaria (de ingresos salariais) amosan como está descendendo o número de persoas asalariadas con ingresos superiores a dúas veces o salario mínimo interprofesional (SMI), e pola contra medran os de ingresos inferiores ao SMI. Se os cruzamos cos da EPA, vemos como a maioría do emprego se está perdendo na industria, un sector maduro e con condicións laborais comparativamente boas. Queda por saber canto deste emprego que se destrúe é realmente necesario, ou está a aproveitarse a situación conxuntural para trocar emprego de calidade por emprego precario.

Entre o colectivo dos máis novos, tamén se destruíron importantes cantidades de emprego; neste caso foi maioritariamente no sector servizos.

Imos, a continuación, desagregar os sectores nas distintas ramas de actividade que poidamos, para analizar cales se viron máis afectadas pola crise económica no que a destrución de empregos se refire.

Persoas ocupadas por ramas de actividade.

	2008	2009	2010	2010/2009		2010/2008	
				Absol.	Rel.	Absol.	Rel.
Total	1.200,10	1.151,40	1.100,70	-50,70	-4,4	-99,40	-8,3
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	67,2	67,9	66	-1,90	-2,8	-1,20	-1,8
Pesca e acuicultura	26,6	23,6	20,6	-3,00	-12,7	-6,00	-22,6
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	44,5	40,6	37,1	-3,50	-8,6	-7,40	-16,6
Industria téxtil, do coiro e do calzado	21,6	18,8	15,8	-3,00	-16,0	-5,80	-26,9
Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles;	12,8	11,5	9	-2,50	-21,7	-3,80	-29,7
Industria do papel, artes gráficas	5,6	6,2	5,3	-0,90	-14,5	-0,30	-5,4
Industrias extractivas, fabricación de produtos minerais, metálicos, caucho... gas e auga	70,3	59,1	51,4	-7,70	-13,0	-18,90	-26,9
Fabricación de maquinaria, material eléctrico, material de transporte e industrias manufactureiras diversas	61,1	57,8	53	-4,80	-8,3	-8,10	-13,3
Construción	134,1	115,7	105,2	-10,50	-9,1	-28,90	-21,6

Venta e reparación de vehículos de motor	31,3	26,3	23,4	-2,90	-11,0	-7,90	-25,2
Comercio por xunto e ao retallo	159,7	162,7	156,7	-6,00	-3,7	-3,00	-1,9
Transporte e almacenamento	52,4	48	49,5	1,50	3,1	-2,90	-5,5
Hostalaría	74,4	69,2	68,9	-0,30	-0,4	-5,50	-7,4
Información, comunicacións, actividades artísticas, recreativas e de lecer	37,4	41,6	41,7	0,10	0,2	4,30	11,5
Actividades financeiras e de seguros	25,7	25,7	23,4	-2,30	-8,9	-2,30	-8,9
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	44,3	45,3	44,3	-1,00	-2,2	0,00	0,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	41,5	45,1	42,6	-2,50	-5,5	1,10	2,7
Administración pública	72	73,4	75,8	2,40	3,3	3,80	5,3
Educación	75,8	69,9	68,8	-1,10	-1,6	-7,00	-9,2
Actividades sanitarias e de servizos sociais	77	79,1	78,9	-0,20	-0,3	1,90	2,5
Outros servizos	64,9	63,9	63	-0,90	-1,4	-1,90	-2,9

Fonte: EPA.INE.

Podemos afirmar que a crise foi global. Agás a administración pública e información e comunicación, ambas do sector servizos, todas as actividades económicas en maior ou menor medida se viron afectadas pola etapa recesiva que está atravesando a nosa economía.

Comezando polo sector primario, a pesca foi a máis prexudicada. Desde o ano 2008 destruíuse un 22,6% de emprego neste sector, cunha evolución moi similar en 2009 e 2010.

A gran importancia que teñen as auxiliares da construción en Galiza: lousa, granito, etc., fixo que a crise do ladrillo tivese aquí un repercusión maior no sector industrial que noutras partes do Estado. Dentro do sector industrial, que como dixemos anteriormente foi o máis prexudicado, a actividade con peores resultados foi a de industrias extractivas; en dous anos baixou o emprego nesta rama un 27%, un 13% no último ano. Se engadimos as industrias da madeira, tamén moi ligadas á construción con preto dun 30% menos de empregados que hai dous anos, vemos as graves repercusións que esta crise tivo no noso país. Isto ten un problema engadido, que son as dificultades para saír da mesma, xa que é moi difícil un despegue da construción a curto prazo aquí e no Estado, polo que se vai depender case exclusivamente das exportacións.

Tamén as industrias téxtil e de alimentación e fabricación de maquinaria, sufriron graves problemas neste período, e a perda de emprego foi importante tal e como se reflicte nos datos do cadro anterior.

O sector servizos soportou bastante ben a crise nun principio, no que sen dúbida axuda o forte peso emprego público no mesmo así como o feito de ser

ano Xacobeo, que sempre supuxo un importante revulsivo para a nosa economía.

No que atinxe á situación profesional dos traballadores e traballadoras, foron maioritariamente asalariados os que perderon o emprego, pero tamén é moi importante o número de empresarios que desapareceron neste período tan convulso da nosa economía.

Persoas ocupadas segundo situación profesional.

	2008	2009	2010	2010/2009		2010/2008	
				Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Total	1200,1	1151,5	1.100,70	-50,80	-4,4	-99,40	-8,3
Traballador/a por conta propia: total	276,4	252,3	224,1	-28,20	-11,2	-52,30	-18,9
Empregador/a	86,6	84,6	71,3	-13,30	-15,7	-15,30	-17,7
Empresario/a sen asalariados/as ou traballador/a independente	167,8	153,5	125,8	-27,70	-18,0	-42,00	-25,0
Membro de cooperativa	2,8	0,9	0,8	-0,10	-11,1	-2,00	-71,4
Axuda familiar	19,2	13,4	12,2	-1,20	-9,0	-7,00	-36,5
Asalariados/as: total	923	898,8	863,2	-35,60	-4,0	-59,80	-6,5
Asalariados/as do sector público	195,3	191,4	196,4	5,00	2,6	1,10	0,6
Asalariados/as do sector privado	727,7	707,4	666,8	-40,60	-5,7	-60,90	-8,4
Outra situación profesional	0,8	0,8	0,4	-0,40	-50,0	-0,40	-50,0

Fonte: EPA.INE.

Tanto no último ano como desde o inicio da crise, en termos relativos é maior o descenso dos traballadores por conta propia a respecto dos asalariados ou traballadores por conta allea. Nesta caída destacan os traballadores sen asalariados ou independentes, os coñecidos como autónomos; son 42.000 os que desapareceron desde o ano 2008, 27.700 neste último ano. A desaparición dun número tan elevado de autónomos ten moito que ver coa crise no sector da construción, onde este tipo de traballadores proliferaran nos últimos anos; moitos deles realmente non deberían ter esta denominación, xa que realmente traballaban para un única empresa a tempo completo.

Tamén foron moitos os empresarios con traballadores ao seu cargo que no último ano desapareceron do mercado de traballo: 15.300 desde o inicio da crise, pero a maioría foi durante 2010, concretamente 13.300, o 87%. Este feito agrávase na medida que a desaparición destes traballadores levou consigo asemade a desaparición dos asalariados ao seu cargo.

Foron 35.600 as persoas asalariadas que perderon o posto de traballo no último ano; desde o ano 2008 a cifra sobe ata os 59.800. No último ano foron

exclusivamente os do sector privado da economía os que quedaron sen emprego, mentres que no sector público se crearon 5.000 postos de traballo.

Desapareceron tanto os de contrato indefinido como temporal.

Persoas asalariadas segundo tipo de contrato e sexo.

		Total	Homes	Mulleres
Total				
Total	2008	922,9	509,2	413,7
	2009	898,8	481	417,7
	2010	863,2	460,9	402,4
Contrato indefinido	2008	640,1	362,9	277,2
	2009	658,5	362,6	295,8
	2010	646,5	357,7	288,8
Contrato temporal	2008	282,8	146,3	136,5
	2009	240,3	118,4	121,9
	2010	216,8	103,2	113,6
Taxa de temporalidade	2008	30,6	28,7	33,0
	2009	26,7	24,6	29,2
	2010	25,1	22,4	28,2

Fonte: EPA.INE.

Aínda que se reduciron tanto fixos como temporais, o descenso foi maior entre os temporais, e superior á caída do número total de asalariados, e de aí a caída da taxa de temporalidade ata situarse no 25.1% (22,4 a masculina, 28,2% a feminina).

En dous anos de crise, a través do despedimento, reduciuse máis a temporalidade que en todos os anos de aplicación de cuantiosos fondos públicos para atallar a mesma.

O que non variaron foron as diferenzas segundo sexo; así, mantense a distancia de 5 puntos entre a taxa de temporalidade masculina e a feminina.

Persoas asalariadas segundo tipo de contrato e idade. Ano 2010

	Total	De duración indefinida	Temporal	Taxa de temporalidade
Total	863,2	646,5	216,7	25,1
de 16 a 24 anos	55,3	19,5	35,7	64,6
de 25 a 54 anos	710,1	538,3	171,8	24,2
de 55 e máis anos	97,8	88,7	9,1	9,3

Fonte: EPA.INE.

A xente máis nova é a que segue sufrindo con máis virulencia a lacra da temporalidade; de feito dos asalariados con menos de 24 anos que traballan en Galiza o 64,6% ten un traballo temporal. A medida que aumenta a idade descende a temporalidade.

Non temos datos máis desagregados por idade, e nin sequera podemos comparar estes con anos anteriores (a ampliación da EPA a mediados de 2009, por un lado permítenos dispor de máis información, pero por outro non nos permite comparar esta nova información con anos anteriores), pero sabemos, por anos anteriores, que en torno aos 35 anos a temporalidade se sitúa por volta do 40%. Sexa cal sexa o dato exacto, estamos falando dunha vida laboral moi irregular, con moitos períodos de desemprego, o que impide claramente acadar os anos de cotización necesarios para ter dereito ao 100% da pensión; en moitos casos nin sequera se xerarán dereitos para acceder a unha contributiva.

Aumenta o número de traballadores con xornada parcial.

Xunto coa temporalidade no emprego, a xornada parcial estase convertendo noutro dos piares do noso mercado de traballo. Ano a ano está medrando, e máis desde a crise, e aínda se prevé que medre máis a partir de agora, ao ser a súa potenciación unha das medidas estrela no Acordo Social e Económico que acaban de aprobar o Goberno, a patronal e sindicatos estatais. Neste acordo elimínanse as cotizacións empresariais á Seguridade Social durante 12 meses de traballadores con menos de 30 anos e parados de longa duración que se acollan a este tipo de xornada.

Este tipo de xornada, que pode ser moi útil en determinadas etapas da vida laboral, tamén xera problemas a medio e longo prazo, dado que pode frear carreiras laborais e, sobre todo, dificultar acadar unha pensión de xubilación digna, máxime agora coas novas condicións.

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial e sexo. Cuarto trimestre de cada ano.

	Total		Homes		Mulleres	
	2009 IV	2010 IV	2009 IV	2010 IV	2009 IV	2010 IV
Total	125,6	130,5	29,6	26,8	96	103,6
Seguir cursos de formación	10,7	9,1	4,8	3,7	5,9	5,4
Enfermidade ou incapacidade	3,3	3,2	1,6	1,5	1,7	1,7
Coidado de nenos incapacitados ou maiores	15,7	13,4	0,4	0,2	15,3	13,2
Outras obrigacións familiares ou persoais	12,6	10	1,9	1,1	10,7	8,9
Non poder atopar un traballo de xornada completa	56,3	69,4	12,2	15,5	44,1	53,9
Non querer un traballo de xornada completa	9	10,1	2	0,7	7,1	9,4

Outras razóns	17,9	15	6,6	4,1	11,3	10,9
Non sabe o motivo	0,1	0,2	0,1	—	—	0,2

Fonte: EPA.INE.

Malia o forte descenso da ocupación, aumentaron os traballadores con xornada a tempo parcial (de media un 0,5% con respecto ao mesmo mes do ano anterior). No cadro anterior, os datos son do último trimestre de cada ano, xa que nos dispomos destes datos para trimestres anteriores ao terceiro de 2009, pero dado a relevancia dos mesmos, coidamos que son importantes.

Do cadro anterior podemos tirar varias conclusións:

- A xornada parcial é utilizada case exclusivamente por mulleres, concretamente o 79,4% a finais de 2010.

Entre as razóns que se esgrimen como motivo disto, no 52% dos casos a utilización da xornada parcial é debida a que non atopan un traballo a xornada completa, e en segundo lugar por mor do coidado de persoas dependentes (o 13%). So o 9% das mulleres con esta xornada alegan estar por elección propia.

- Só un 20% dos traballos a xornada parcial están ocupados por homes. Neste caso o motivo da xornada é máis variado. Os que non atopan outro traballo a xornada completa son o 41%, seguido dos que seguen algún tipo de formación que son o 16% do total. Apenas o 1,3% alega o coidado de dependentes como motivo da xornada. Queda claro quen asume as responsabilidades familiares maioritariamente en Galiza.

Hostalaría, comercio e traballos non cualificados absorben a maioría dos traballos a xornada parcial.

A crise afecta fortemente ás persoas inmigrantes.

Nos últimos anos a chegada de inmigrantes foi, xunto coa forte incorporación da muller, unha das características máis salientables do mercado laboral galego. Nun principio, a crise afectáralles menos, mais vexamos o que ocorreu no último ano.

Evolución da poboación ocupada segundo nacionalidade. IV trimestre de cada ano.

	Total		Homes		Mulleres	
	2009/IV	2010/IV	2009/IV	2010/IV	2009/IV	2010/IV
Total	1.138,90	1.093,10	624,1	593	514,7	500,1
Española	1.065,10	1.026,40	587,2	560,3	477,9	466,2
Española e outra	17,6	17,1	8,2	6,8	9,4	10,3
Estranxeira: Total	56,2	49,5	28,7	26	27,4	23,6
Estranxeira: Unión Europea	16,5	12,2	9,7	8,9	6,8	3,3

Estranxeira: América Latina	30,5	28,1	12,4	11,7	18,1	16,4
Resto de Europa e do mundo	9,1	9,3	6,6	5,4	2,5	3,9

Fonte: EPA.INE.

A crise que en principio afectara menos ás persoas estranxeiras, mesmo entre elas medrara a ocupación, xa durante 2010 se viron plenamente inmersas na devandita crise. Incluso, en termos relativos, a perda de emprego foi moito maior entre eles.

O colectivo máis prexudicado foron as persoas estranxeiras da Unión Europea, e especialmente as mulleres; neste caso probabelmente se trate de latinoamericanas de descendencia europea.

O único grupo entre os que medra a ocupación é o do resto do mundo, no que ten que ter moita importancia a comunidade chinesa.

A perda de emprego afectou máis ás persoas de menor nivel educativo.

O nivel de estudos sempre se considerou determinante á hora de atopar un traballo. Vexamos como inflúe á hora de perdelo.

Persoas ocupadas segundo nivel de estudos.

	2009/IV	2010/IV	
Total	1.138,90	1.093,10	-4,0
Analfabetos	0,8	0,3	-62,5
Estudos primarios	114,7	102,2	-10,9
Educación secundaria. Primeira etapa	389,4	370,4	-4,9
Educación secundaria. Segunda etapa	236,8	229,3	-3,2
Educación superior	397,2	390,8	-1,6

Fonte: EPA.INE.

A relación é clara: a menor nivel de estudos, maior proporción de perda de emprego.

Como analizamos anteriormente, os empregos que se perderon foron maioritariamente na construción, industrias auxiliares, hostalaría, etc., actividades que non se distinguen precisamente pola cualificación dos seus traballadores; de aí que a maioría dos traballadores e traballadoras que quedaron sen emprego sexan da baixa cualificación.

Cando se crearon estes postos de traballo, foron fáciles de cubrir, con mozos e mozas que abandonaban os estudos ante a abundancia de emprego que non requiría cualificación, inmigrantes... As dificultades aparecen agora cando

cómpre reciclar a este persoal, xa que as posibilidades de atopar emprego semellante ao anterior son moi limitadas a curto e medio prazo.

Poboación parada.

Como dicíamos ao principio deste documento, dos máis de 50.000 traballadores/as que quedaron sen emprego ao longo do ano 2010, unha parte xubilouse, outra volveu os estudos, etc., pero hai unha parte importante que pasou a engrosar as xa abundantes listas de desempregados/as. Vexamos a continuación as características desta poboación.

Comezamos polo sexo e a idade.

Poboación parada segundo sexos e idade.

	Total			Homes			Mulleres		
	2008	2009	2010	2008	2009	2010	2008	2009	2010
Total	114,7	165,9	200,3	53,7	83,8	102,9	61	82,1	97,4
de 16 a 24 anos	24,4	33,4	33,6	13	19,3	18,3	11,5	14,1	15,3
de 25 a 54 anos	81	119,6	150,7	36,4	57,5	75,5	44,5	62,1	75,1
de 55 e máis anos	9,3	12,9	16	4,3	7	9	5	5,9	7

Fonte: EPA.INE.

As cifras son alarmantes. En apenas dous anos medrou o número de desempregados un 74,6%, acadando a cifra histórica de máis de 200.000 persoas paradas. No último ano aumentouse en 34.400 persoas.

Afectou a todas as idades e tanto a homes como a mulleres, pero con matices:

- Desde 2008, entre os homes medrou o desemprego un 91,6% (22,8% no último ano), e o aumento foi maior a medida que aumenta a idade do traballador. Así, nos maiores de 55 anos o medre foi do 109%.
- Entre as mulleres medrou un 59,7%. Neste caso, o grupo máis prexudicado foi entre os 25 e os 55 anos.

Ao ser os de maior idade os máis afectados proporcionalmente, agrávase a situación na medida que teñen máis difícil a reinserción; se lle engadimos a nivel de estudos, que como vimos no apartado anterior son os de menor nivel académico os máis afectados, o perfil que nos queda é moi preocupante.

Á preocupante situación actual desta poboación, témoslle que engadir as dificultades que poden atopar no momento da xubilación ao careceren dos anos necesarios para ter acceso a esta.

Así as cousa, as taxas de paro quedan como segue:

Taxa de paro segundo sexo e idade.

	Total			Homes			Mulleres		
	Taxa de paro			Taxa de paro			Taxa de paro		
	2008	2009	2010	2008	2009	2010	2008	2009	2010
Total	8,7	12,6	15,4	7,4	11,8	14,6	10,4	13,6	16,3
de 16 a 24 anos	21,2	30,8	35,4	19,2	31,3	34,4	24,0	30,1	36,7
de 25 a 54 anos	7,9	11,6	14,6	6,5	10,4	13,7	9,4	12,9	15,7
de 55 e máis anos	5,5	7,3	9,0	4,3	7,0	9,0	7,3	7,6	9,1

Fonte: EPA.INE.

A taxa media de paro medrou 6,7 puntos desde o ano 2008, acadando o 15,4% da poboación activa. En termos de taxa, o colectivo máis prexudicado é o da mocidade, onde a cifra de paro é do 35,4% entre os máis novos.

As diferenzas entre homes e mulleres reducíronse. Aínda así, a taxa de paro feminina supera, de media, en 1,7 puntos a masculina.

Do total de persoas paradas, a maioría -o 92%- traballaron antes, é dicir, non son parados que buscan o primeiro emprego.

Persoas paradas por tempo na busca de emprego.

	2008	2009	2010	2010/2009		2010/2008	
				Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Total	114,7	165,9	200,3	34,4	20,7	85,6	74,6
Menos de 6 meses	55,2	71,9	67,5	-4,4	-6,1	12,3	22,3
De 6 meses a < 1 ano	13,4	33,2	42,1	8,9	26,8	28,7	214,2
De 1 ano a menos de 2 anos	14,2	25,8	46,3	20,5	79,5	32,1	226,1
2 anos ou máis	16,4	23,3	35	11,7	50,2	18,6	113,4
Xa atopou traballo	15,5	11,8	9,4	-2,4	-20,3	-6,1	-39,4

Fonte: EPA.INE.

Entre as persoas que xa traballaron abundan as que levan tempo nesta situación e ademais é entre as que máis medra o desemprego. Entre as que levan menos de 6 meses, mesmo descendeu o paro no último ano, e a partir de aquí, medra e abundantemente en todos os grupos. As persoas que levan entre 1 e 2 anos no paro aumentan un 79,5% no último ano, un 223,1% en dous anos; tamén aumentan fortemente as que levan máis de 2 anos paradas. Son 35.000 as persoas desempregadas nesta situación, e lembremos que estes traballadores xa esgotaron a pensión contributiva de desemprego.

En 2010 foi Galiza a Comunidade onde máis medrou o desemprego.

De media no ano 2009, Galiza fora a segunda Comunidade do Estado, despois de Estremadura, onde menos medrara o numero de desempregados. De media no Estado español, durante 2009 aumentaron as persoas paradas un 60,2% (en Galiza un 44%), mais durante 2010 a evolución xa non foi igual.

Parados por Comunidades autónomas. Medias anuais.

				2010/2009		2010/2008	
	2008	2009	2010	Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Total	2590,6	4149,5	4632,4	482,875	11,6	2041,775	78,8
Andalucía	683,6	992,8	1110,5	117,6	11,9	426,8	62,4
Aragón	47,1	84,4	95,425	11,0	13,1	48,3	102,6
Asturias	41,6	65,1	76,8	11,7	18,0	35,2	84,6
Balears (Illes)	57,8	105,2	120,3	15,1	14,4	62,5	108,1
Canarias	181,1	282,2	310,78	28,5	10,1	129,6	71,6
Cantabria	20,1	33,7	38,375	4,6	13,9	18,2	90,9
Castela e León	112,2	162,6	187,03	24,4	15,0	74,8	66,7
Castela - A Mancha	110,5	184	206,4	22,4	12,2	95,9	86,8
Cataluña	345,8	618,7	677,13	58,4	9,4	331,3	95,8
Comunitat Valenciana	307,1	545	587,4	42,4	7,8	280,3	91,3
Estremadura	73,3	100	114,1	14,1	14,1	40,8	55,7
Galiza	114,7	165,9	200,3	34,4	20,7	85,6	74,6
Madrid	291,5	476,3	550,93	74,6	15,7	259,4	89,0
Murcia	90,7	150,5	172,6	22,1	14,7	81,9	90,3
Navarra	20,85	33,7	36,525	2,8	8,4	15,6	75,2
País Vasco	68,6	115,6	110,68	-4,9	-4,3	42,0	61,3
Rioxa	12,3	20,3	22,4	2,1	10,3	10,1	82,1

Fonte: INE. EPA.

Durante 2010, foi Galiza a Comunidade do Estado onde máis medrou o desemprego, un 20,7%, seguida de Asturias, onde o incremento foi do 18%, e moi por riba da media estatal, en que o aumento foi do 11,9%.

Tal e como anticipabamos o ano pasado, a Galiza tarda en chegar a crise pero é máis lenta a saída da mesma, e os datos así nolo demostran. Só cabe agardar que a partir deste ano se rompa a tendencia.

Vigo, 21 de febreiro de 2011.
Gabinete Técnico Confederal.
Natividad López Gromaz.